



Previsión de actividades do Parlamento de Galicia para este mércores, 11 de marzo de 2015

Parlamento de Galicia

09,30 a 15,00h.- O Parlamento de Galicia acolle unha xornada de concienciación sobre as enfermidade renal, un conxunto de doenzas que afectan a máis do 10% da poboación mundial. Na sala de recepción de visitantes do Parlamento de Galicia (Planta 0, ao carón do vestíbulo principal).

A xornada celebrarase na véspera do Día Mundial do Ril (12 de marzo). Está organizada coa colaboración da Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo e contará coa participación de médicos especialistas e persoal de enfermería que realizarán ás persoas que o desexen (deputados, xornalistas acreditados e persoal da Cámara) unhas sinxelas probas para valorar o seu risco renal, ademais de achegar recomendacións para fomentar a prevención destas doenzas.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.